



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Outubro 2019 • Nº 241

O SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL!!



■ Dende hai anos o Concello de Vedra conta cun servizo de novas dende o cal informa puntualmente a todas as súas persoas usuarias da actualidade municipal e asociativa de Vedra así como de toda a información doutras entidades (Xunta, Deputación,...) de interese xeral. Para pertencer a este só tes que enviarnos un mail a novas@concellodevedra.com e solicitar a túa inclusión neste servizo.

Agora queremos dar un paso máis para facer que a información sexa máis áxil e inmediata. Por iso creamos o servizo de novas por whatsapp, de xeito que simplemente enviando un whatsapp ao teléfono 663 893 398 indicado ALTA NO SERVIZO DE NOVAS, pasarás a formar parte deste servizo a través dun grupo de difusión dende o cal recibirás a información sen posibilidade de resposta nin de que os teus datos cheguen ao resto de participantes.

TEN TODA A INFORMACIÓN DE TODO CANTO ACONTECE EN VEDRA!! ESCRÍBENOS XA!!

IMPOSTOS MUNICIPAIS

■ Á vista dos problemas detectados no reparto das cartas de pago para os impostos xa vencidos...

LEMBRAMOS!! Que do 15 de setembro ao 15 de novembro (aproximadamente) está aberto o prazo para o pago dos impostos (lixo, contibución, saneamento, IAE,...) Se non recibes a carta LEMBRA RECLAMALA!!

VOLTA AO HORARIO HABITUAL DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO CONCELLO DE VEDRA

Dende o 15 de setembro ata o vindeiro 15 de xuño de 2020 o horario habitual nas Oficinas Xerais do Concello de Vedra será de luns a venres de 09.00 a 14.00 horas.

OUTUBRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

AXENDA PARA O MES DE OUTUBRO

■ Unha nova edición do **Vedra de Tapas**. Nas dúas primeiras fins de semana de outubro.

■ 5 de outubro: **2ª Sesión do Curso de Defensa Persoal**.

■ MONOGRÁFICOS PARA O TEMPO LIBRE!!

Un espazo para esas actividades que poden ser do teu interese: formativas, divertidas, puntuais,... Nesta ocasión estreamonos cunha "masterclass de Salsa" o xoves **17 de outubro** na Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla ás 20 horas.

■ Axenda da programación da **Terceira Idade**:

- 9 de outubro: Escola de saúde "**Dorso saúdale**".
- 16 de outubro: **Circuíto Termal** nas Termas de Outariz.
- 23, 24 e 25 de outubro: **Viaxe cultural** a Toledo e Aranjuez.
- 31 de outubro: **Bingo**.

■ E en novembro... "**A semana de Vedra no Centro Comercial As Cancelas**" do 2 ao 9 de novembro.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

■ A **Segunda edición do LAV.mov** e do **segundo concurso "A fume de Carozo"** da Asoc. Senunpeso.

■ O **Espazo Activo da Ulla** da man da Asoc. Cultural San Campio co **Pasabodeghas** como protagonista o sábado 26 de outubro.

■ **Circuito Galego de Teatro Amador** da Asociación Cultural Papaventos, o 4, 11, 12 e 18 de outubro.



O Curso de Sede Electrónica en Vedra.



A noite violeta en Vedra.



Actividades do Ciclo Camiños de Coñecemento e Experiencia da USC coa 3ª Idade de Vedra.



Observación Astronómica o camiño das estrelas - as estrelas do camiño.



A ITV Agrícola en Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Así foi a ciclo charla da Asociación Ribadoulla con Alvaro Pino e Jesús Blanco Villar.



Curso de Voluntariado Ambiental da Asociación Amabul.



28º Carreira do Gundián.



De Interese

COMO RECICLAR O TEU LIXO - RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ O concello de Vedra segue a ofrecer o servizo de recollida de voluminosos porta a porta nun esforzo máis para axudar na reciclaxe, e sobre todo, evitar as verteduras incontroladas.

- **Datas de recollida:** O PRIMEIRO e TERCEIRO venres de mes en horario de mañá.
- **Teléfono ao que chamar:** 981 571 241 (Extensión 100).

As solicitudes atenderanse ata as 17:00 h. do día anterior a cada recollida.

Punto limpo de Vedra

Un espazo ao que trasladar os teus residuos.

Horario

- Os martes de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 10:00 a 14:00 h.



VEDRA DE TAPAS

■ O concello de Vedra en colaboración cos establecementos de hostalería asociados á marca “**Tabernas da Ulla**” organiza o **Roteiro – Concurso “Vedra de Tapas”** co obxectivo de promover a restauración local.

• **Datas:** 4, 5, 6, 11, 12 e 13 de outubro 2019 .

• **Horarios:**

Venres 4: de 21:00 a 00:00 h.

Sábado 5: de 13:00 a 15:00 h. e de 21:00 a 00:00 h.

Domingo 6: de 13:00 h. a 15:00 h.

Venres 11: de 21:00 a 00:00 h.

Sábado 12: de 13:00 a 15:00 h. e de 21:00 a 00:00 h.

Domingo 13: de 13:00 a 15:00 h.

Cada tapa terá un prezo de venda ao público de **2,00 €**. Tapa + albariño: se os clientes degustan unha tapa acompañada por un viño albariño das adegas locais, o prezo de venda ao público será de **3,50 €**.

ESTABLECEMENTOS E TAPAS PARTICIPANTES

RESTAURANTE VICTORIA

Fricandó de tenreira con champiñóns
Luriña ao Pedro Ximénez

TABERNA MOSQUEIRO (*os domingos non ten tapas*)

Fabada de Lourdes
Torta de Ana

CAFÉ BAR O RANCHO

Pataca ao rancho con crocante de allo porro
Volován con pisto de ovo de paspallás e anchoa

A TABERNA DO FERRADOR

O caldo do Ferrador
O viño da taberna

CAFÉ BAR A DORNA *Horario das tapas: só de 21 a 00 h.*

Bacallau ó forno
Cazola de xarrete asado

CAFÉ BAR O PILÓN

Matrimonio de anchoa e bocarte
Potaxe de garavanzos con bacallau

CAFÉ BAR O CANDIL

Fabas con ameixas e polbo
Torta de queixo con froitos do bosque

BAR VINOTECA A VOSA CASA

Fricasé de polo
Faixiña picante con piña

O FOGAR DO AVÓ

Croca con salsa de froitos vermello
Caprichos da Gándara

TABERNA DO SOUTO

Pochas á Taberna do Souto
Roliño de filloa rechea



Concurso:

Cando un cliente deguste unha tapa presentada a concurso, o establecemento participante deberá selarlle a cartilla de votación, na casilla correspondente ao seu establecemento.

Os clientes poden votar as tapas, dándolle a puntuación que consideren: de 0 (mal) a 5 (excelente). Soamente aquelas cartillas que teñan todos os selos, serán as que participen na puntuación das tapas.

Sorteos e agasallos:

Para entrar no sorteo dos diferentes agasallos será preciso:

- Ter os datos cubertos e lexibles na cartilla de votación e depositala en calquera das urnas nos establecementos hostaleiros participantes ou na Casa do Concello de Vedra, sendo válida unha cartilla por persoa.
- As papeletas terán que estar depositadas o domingo 13 de outubro de 2019 ás 23:00 h. como data tope para participar no sorteo e ser válidas para o recuento.

Os agasallos a sortear entre os clientes participantes no concurso son:

As cartillas con selos de como mínimo 5 establecementos participarán nos sorteos de:

- 3 lotes de produtos locais.
- 2 tarxetas regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello.

As cartillas con selos de como mínimo 7 establecementos participarán nos sorteos de:

- Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes do concello.

Continúa na páxina 5

- Unha escapada termal para dúas persoas con almorzo incluído, circuío termal...

As cartillas con todos os selos dos establecementos participantes entrarán no sorteo de 300 €.

Para os agasallos de grupo: Considerarase grupo o formado por 5 ou máis persoas.

Realizarase un CONCURSO FOTOGRÁFICO:

A foto terá que mostrar que se está facendo a ruta "Vedra de Tapas". Habrá que enviala a casa-dospeons@concellodevedra.com, e pasará un filtro de valoración e se é admitida subirase ao Facebook do concello de Vedra.

A foto máis votada será a gañadora, sempre e cando cumpra os requisitos esixidos para a participación.

Premio: 20 tapas e 10 consumicións no establecemento gañador da mellor tapa no Vedra de Tapas 2019.

VEDRA NO CENTRO COMERCIAL AS CANCELAS

■ Do 2 ao 9 de novembro Vedra será protagonista no Centro Comercial As Cancelas.

Habrá actividades para todos os gustos de promoción turística, dinamización, culturais,...

Moita atención á nosa web e ás redes sociais, nelas publicaremos esta acción.

O Concello ofrece a todo o sector empresarial e de emprendemento do municipio participar neste evento, para iso deben poñerse en contacto no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com ou no teléfono 981 814 691.



VISITAS NA OFICINA DE TURISMO DURANTE O VERÁN 2019

■ Na campaña de verán 2019 o punto de información turística ubicado na Ponte Ulla, rexistrou uns 2,279 visitantes, tanto turistas como peregrinos e peregrinas, aumentando con respecto ao ano pasado o número total de visitas. En canto á procedencia, podemos observar que proveñen de todas as Comunidades Autónomas de España e de varios países dos diferentes continentes (Sudamérica, Norteamérica, Asia, Europa e Oceanía).

Todos eles puideron gozar da beleza do noso concello e comarca, a través da natureza, da paisaxe e tamén da súa gastronomía e cultura.





MONOGRÁFICOS PARA O TEMPO LIBRE

■ Unha nova aposta por actividades diferentes, dunha soa sesión con temáticas variadas e todas elas coa única pretensión de coñecer disciplinas.

Primeira parada: xoves 17 de outubro ás 20:00 horas na Nave da Estación de Santa Cruz.

Comezamos a ritmo de... **SALSA!!**

Non tes que ter parella, nin tes que ter coñecementos,... Soamente gañas de pasar un anaco divertido ao son deste estilo latino!! Inscríbete no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com ou no teléfono 981 814 691



Educación



VEDRA MEDRA

AXENDA PARA "DE IDENT-IDADE: NOMES E VOCES NA PAISAXE"

■ Comeza o curso 2019-20 e abrimos cabeceira nova "De IDENT-idade: nomes e voces na paisaxe".

Creemos que traballar co patrimonio nas aulas leva consigo o fortalecemento da identidade e do sentido de pertenza ao lugar que habitan as xeracións máis novas que estamos a formar. Cos nomes da paisaxe aludimos aos que integran ese mapa particular sobreposto ao territorio (os topónimos) e coas voces ás das persoas que exerceron o seu labor diario nun rural ullán que coñecen palmo a palmo, os nosos maiores.

Convocaremos pois a esas mulleres e homes -de oficio- especializados no desenvolvemento dalgunha actividade tradicional e donos de moitas sabenzas e habilidades (costureira, sombreireira, cesteira, augardenteiro, zapateiro, fogueteiro, requinteiro, barqueiro, muiñeiro etc.)

Buscaremos información sobre útiles, prácticas, técnicas artesa-



nais, modos de elaboración de produtos etc. a través de entrevistas.

Elaboraremos un monográfico "Traballo e xénero no rural. A pluriactividade da muller campesiña" para darlles voz ás traballadoras vedresas.

A recollida de tradición oral e cultura popular, de léxico patrimonial ("Bótame un capio") así como as saídas didácticas pola contorna formarán parte esencial de **Vedra medra**. Tamén repetirán sección as cantarelas de Nadal, o Entroido dos xenerais, a música e a toponimia de Vedra que goberna cada unha das no-

sas actuacións.

Neste primeiro momento do curso **Vedra medra** está dando a coñecer o seu labor nas *III Xornadas de Educación Patrimonial* e no simposio "*Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*" en Santiago de Compostela e en Huelva a onde levaremos a experiencia do obradoiro do Entroido do curso pasado a "*Prácticas y reflexiones en Educación Patrimonial*".

Vedra medra continúa apostando por un PATRIMONIO VIVO, o seu, o noso.

Pode seguirmos no **Facebook Vedra medra**.

VOLVE O SENDEIRISMO O SÁBADO 19 DE OUTUBRO

■ O grupo de sendeirismo continúa co seu Camiño Miñoto Ribeiro, nesta ocasión coa etapa Cortegada Beade o 19 de outubro.

Horarios e lugares de Recollida:

- 7:00 horas. Saída da Estación de Autobuses de Santiago.
- 7:05 horas. Parada en Hipercor.
- 7:15 horas. Parada no Breixo.
- 7:20 horas. Parada en Lestedo.
- 7:30 horas. Parada en Mosqueiro.

Información e inscricións abertas ata o 16 de outubro no teléfono 981 814 691.



Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Escola de Saúde: "Dorso saudable"

Mércores 9 de outubro ás 20:00 h. no Centro Social.

Impartido por Astrid Henao Jaspe, fisioterapeuta da Residencia Xeriátrica de Pontevea.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 16 de outubro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar, visita e regreso.

(O prazo de inscrición ábrese o 5 de outubro de xeito presencial na cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adjudícanse por orde de inscrición).

■ Viaxe cultural a Toledo e Aranjuez

Os días 23, 24 e 25 de outubro.



Festa do Burgo da Terceira Idade de Vedra

Prezo: 195 € (Inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre, servizo de guía e seguro de viaxe) - prazas limitadas - aberta a todos os/as interesados/as.

(O prazo de inscrición estará aberto dende o 5 ao 15 de outubro na cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento

adjudícanse por orde de inscrición).

■ Bingo

O xoves 31 de outubro ás 20:00 h.

■ Liga de Brisca, Tute e Escoba

Información e inscricións na cafetería do Centro Social



LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para traballar a educación para a corresponsabilidade e a igualdade en todas as actividades.

Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades:

- “Xogos reunidos”: xogos grupais, cooperativos, de mesa, paracaidas...
- Experimentos divertidos: “o profesor chifrado”.
- Obradoiro emocional: “Descubrimos como somos”.
- Contos en valores.
- Obradoiro de maquillaxe e caras terroríficas.
- Concurso de sustos.
- Obradoiro “SuperChef”, cociña terrorífica.
- “Mr. Manitas”: O Samaín.
- Celebramos o “Samaín”.

Máis información no teléfono 699 041486 ou 981 81 46 93 en horario de 9:00 a 13:00 h.



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

Mulleres



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS ANO 2019

45



Concello
de Vedra

■ O Concello de Vedra, proporciona unha serie de servizos e actuacións ás mulleres en todo o referente á igualdade de oportunidades, conciliación da vida profesional e familiar e prevención da violencia de xénero.

O teléfono gratuito 016 atende a nivel nacional denuncias por violencia de xénero. É un servizo confidencial que nunca se mostrará en ningunha factura de teléfono e que desaparece da marcación ao terminar a chamada. O servizo funciona 24 horas, 365 días ao ano.

É IMPORTANTE LEMBRAR que non existe un perfil de muller vítima de malos tratos. Calquera muller, sen importar o seu nivel social, cultural, económico... pode ser vítima de violencia de xénero. Debes saber que existen servizos públicos gratuítos dirixidos a mulleres que foron vítimas de violencia ou poidan selo, e

aos seus fillos/as, así como asesoramento e formación aos profesionais que traballan neste ámbito. Contamos cun equipo de profesionais para axudarche. Podes contactar connosco acudindo aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra Teléfono: 981 81 46 93.

Que facer ante unha situación de violencia? ¿Como protexerse?

O plan de seguridade é unha maneira de prepararse e diminuír o risco que existe dentro dunha relación con episodios de violencia.

Para iso pode seguir estes consellos:

- Memorice ou faga unha lista cos números de teléfono de persoas que lle poidan axudar.

Continúa na páxina 9



- Memorice o teléfono da policía.
- Teña localizados os documentos máis importantes que deberá coller se ten que fuxir da súa casa ou garde unha copia dos mesmos na casa dunha persoa da súa confianza.
- Explique aos seus fillos/as a necesidade de que obedezan ao seu aviso de alerta e asegúrese de que o entenderon.

Que se pode facer cando hai violencia ou sente medo?

Está na súa casa e xurde unha discusión coa súa parella. Se a situación se pon perigosa, faga o seguinte:

- Achegarse a un lugar desde onde poida saír sen perigo.
- Non vaia á cociña, onde hai obxectos que poidan facerlle dano nin ao baño ou habitacións onde pode quedar encerrada.
- Se o agresor perdeu o control, saia da casa.
- Se non pode saír, trate de tranquilizar ao agresor.

Se foi agredida:

- Se ten lesións, acuda rapidamente a un Servizo de Urgencias. Procure ir acompañada dunha persoa da súa confianza.
- Se sente perigo ou ameaza, chame ao teléfono de emerxencias 112. No Servizo de Urgencias, tras ser atendida, solicite copia do Informe Médico.

• **E LEMBRA... NON ESTÁS SOA**

Que se pode facer se tes coñecemento ou presenzas unha situación de violencia:

Toda a sociedade pode involucrase, pasar de “cómplice” a “axente de cambio”.

Ante calquera violencia sexista, é a nosa responsabilidade dar unha resposta. Non serve nin a complicidade nin a pasividade. As persoas que están preto da vítima, familiares, amizades, ou aquelas persoas que teñan coñecemento, deben ser conscientes de que a súa axuda é tamén clave.

- Se cando estás en casa, oes un berro, sae a ver que está a pasar, alguén pode necesitar a túa axuda.
- Se ves que algunha muller está a sufrir algún tipo de violencia, achégate e pescuda se está ben e se necesita axuda.
- Ao agresor faille saber que ese comportamento é inaceptable.
- Se a situación é grave ou che parece que achegarse pode ser perigoso: Fai ruído, grita lume, reprende ao agresor para darlle a coñecer que hai persoas testemuñas da situación.
- Ao mesmo tempo, debes chamar ao 112 emerxencias.



“ENREDADAS NOS FEMINISMOS”

■ Consiste en talleres nas parroquias do Concello de Vedra onde se traballará o apoderamento da muller rural, a construción dunha identidade colectiva, a importancia do asociacionismo, a igualdade de oportunidades, prevención da violencia de xénero, fomento do autoemprego e o cooperativismo.

Próximamente achegaremos as primeiras citas nas parroquias de Trobe e San Xián. **Consultas e información nos servizos sociais de Vedra no teléfono 981 814 693.**

Contidos da formación:

1. Introducción ao activismo social, feminismo e perspectiva de xénero.
2. As asociacións de mulleres e o seu papel transformador.
3. Acción local e transformación global.
4. Sensibilización e prevención da violencia de xénero dende a participación cidadá.

LAV.mov 2019 DA ASOCIACIÓN CULTURAL SENUNPESO

Ademais dos obradoiros do LAV.mov, que terán lugar na primeira fin de semana de outubro, celebrarase durante o 11, 12 e 13 o concurso A Fume de Carozo, un certame de realización express de curtametraxes (prazo de inscrición aberto ata o día 7).



LAV.mov
+ INFO E INSCRICIÓN: senunpeso.org

OBRADOIROS
DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA
JAIME PÉREZ /// 5-6 OUTUBRO
PENSAR E CONTAR UNHA SERIE DE TV
PEPE COIRA /// 5-6 OUTUBRO
INICIACIÓN ÁS CURTAS: RETRATANDO A REALIDADE
ILLA BUFARDA /// 5-6-12 OUTUBRO

CONCURSO A FUME DE CAROZO
VEDRA /// 11-12-13 OUTUBRO
48 HORAS PARA CREAR UNHA PEZA AUDIOVISUAL
100€ Á MELLOR CURTA

ORGANIZADA POR SENUNPESO
COLABORA: Concello de Vedra, Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, USC, Camisón da Vila, INITARIA, Filamentum

A Asociación Senunpeso convida a toda a veciñanza a asistir á gala do domingo 13 de outubro ás 17.30 h no Centro Sociocultural de Vedra, onde se proxectarán as obras gravadas en Vedra no marco do concurso e se premiará con 1.000 € a curtametraxe escollida por un xurado profesional.



ESPAZO ACTIVO, EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN, O 26 E 27 DE OUTUBRO



esPAZO aCTIVO
da ULLA, San Miguel de Sarandón, Vedra, 2mi119

26 OUTUBRO 2019
Pasabodeghas "IDENTIDADE RURAL"
17.00. RUTA GHAITEIRA (junta de encontro-campo de festa)
Sarilla de Alazé | Os Pequenos do Barbanza | Boufayola | Os Ferreiros da Galpueira | Silveiradón | Os Fragatillas | Son de Gaita | Graucorvo | Vide Preto | Vouzeirover | Buxaina | Mo Comero | Os Anghos de tód prima | Os Galanas | Argalleiros | Os Atravidos da Barcala | As Branas de Andrés | Pena do Corvo

18.00. OS BOLECHAS E O SEU R4 (localización musical) (Espazo Infantil)
19.00. CONTOS CON ANXO MOURE (Espazo Infantil)
21.30. VIVA DA TERRA E SUBIDA GHAITEIRA co grupo de "Pauliteiras de Miranda" (Portugal)
22.30. CONCERTOS (Canov de Festa)

**OS UIQUEIRAS
OS RESIDUOS ATRACTIVAS
FESTICULTORES TROUPE**

27 OUTUBRO 2019
Xantar-Foliada
13.00. IRMANDADE entre a "Ronda das Adegas" (Ateneo-Portugal) e a Pasabodeghas (Espazo de Fina Baga)
13.30. SESIÓN VERMÚ co grupo de "Pauliteiras de Miranda" (Portugal) (Canov de Festa)
14.00. XANTAR COMUNITARIO Menús: empanada de cogomelos, carne á caldeira e postre
16.30. ACTUACIÓNS: Campiños e Dedaleiras de A.C. San Campio, Pandereitas da A.C. Santiaguinho, no seu 25 aniversario
17.30. CÉ ORQUESTRA PANTASMA (Home Orquestra)

PACK 10€ PASABODEGHAS (tarxeta de acceso a todas as actividades e entrada para o xantar)

CONTACTO: 648.253.646 / 689.968.427

ORGANIZADO POR: XUNTA DE GALICIA, 21 GALICIA, CAMISÓN DA VILA, INITARIA, FILAMENTUM, USC, CAMISÓN DA VILA, INITARIA, FILAMENTUM



PASABODEGHAS 2019

26 Outubro 17:00 horas

e o MILLO... sen apañar!!!

ORGANIZADO POR: XUNTA DE GALICIA, 21 GALICIA, CAMISÓN DA VILA, INITARIA, FILAMENTUM, USC, CAMISÓN DA VILA, INITARIA, FILAMENTUM

ANUNCIO DA ASOCIACIÓN ESCOLA ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ A Asociación Escolas Deportivas de Vedra quere compartir toda a información xerada da súa actividade:

- Calendario de competicións do seu Club Escolas Deportivas de Vedra – Fútbol Base. Nesta ocasión o do mes de outubro.
- Resultados dos seus encontros.
- Información de interese,...

E todo na súa páxina oficial de facebook (Escolas Deportivas de Vedra).

Goza do fútbol de base cos equipos do noso concello!!



CIRCUÍTO GALEGO E TEATRO AMADOR, O 4, 11, 12 E 18 DE OUTUBRO

CIRCUÍTO GALEGO 2019

DE Teatro Amador

FEDERACION GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO

4 de Outubro ás 21:15 h.	DISFUNCIÓN CONTINUA	(Departamento de selección)
11 de Outubro ás 21:15h.	ANTAS de ULLA	(Un cabaret do máis normal)
12 de Outubro ás 21:15h	ANDARAVÍA teatro	(Moito barullo e poucas carolas)
18 de Outubro ás 21:15h.	CHUMPÁ teatro	(Intocables, a comedia)

DISFUNCIÓN CONTINUA	ANTAS de ULLA	ANDARAVÍA teatro	CHUMPÁ teatro
Público + 16	Todos os públicos	Todos os públicos	Todos os públicos


LUGAR: CENTRO SOCIAL de VEDRA
 Avda Mestre Manuel Gómez 41 (O BURGO)
 Vedra
 Entrada 2€.

Parabéns

Á AGRUPACIÓN ULLA – DEZA BRASS BAND

■ polo seu concerto nas pasadas Festas do Patio, coa actuación co solista internacional bombardista Steven Mead.

Un artista de grandísimo prestixio no mundo musical e que fixo as delicias do público.





VIAXE A ARXENTINA CO CONCELLO DE VEDRA

■ Do 3 ao 12 de decembro de 2019.

Prezos por persoa:

- Só voos, Santiago - Bos Aires e Bos Aires - Santiago: 900 €
- Hotel Vedra + voos ida e volta + traslados + seguro: 1380 €
- Excursión a Iguazú (opcional), inclúe voos, hotel, traslados, guía e entradas ao parque: 485 €

Prazas limitadas: 17 persoas.

Reunión informativa o martes 15 de outubro ás 20:00 h. na Casa do Concello.

Consultas e información no departamento de cultura e no teléfono 981 814 691.



Concello
de Vedra

VIAJES El Corte Inglés

ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

■ LEMBRA!!!

Neste mes de outubro comezan as actividades culturais e deportivas do Concello de Vedra para a infancia e as persoas adultas!!

Se aínda non te puxeches ao día e queres consultar as diferentes ofertas podes facelo na web municipal ou nos departamentos de Cultura e Deportes do Concello de Vedra.

Pode que aínda queden prazas ... Chama ao 981 814 691 ou escribe a cultura@concellodevedra.com e infórmate!!



TEN TODA A INFORMACIÓN DE VEDRA NA APP CONCELLO DE VEDRA

■ Descarga "Concello de Vedra" no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tablet, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa que poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.